XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

# Módulo 5_FERRAMENTAS

## UNIDADE 1_Etiquetas_Comentarios


1 ETIQUETAS ASOCIADAS AOS REXISTROS BIBLIOGRÁFICOS

1.1 ACCESO ÁS ETIQUETAS

1.2 FERRAMENTA ETIQUETAS

1.3 MODERAR ETIQUETAS

2 COMENTARIOS ASOCIADOS AOS REXISTRO BIBLIOGRÁFICOS

2.1 ACCESO AOS COMENTARIOS

2.2 FERRAMENTA COMENTARIOS

2.3 MODERAR COMENTARIOS

# 1. AGREGAR ETIQUETAS AOS REXISTROS BIBLIOGRÁFICOS

A través do OPAC de Koha, as/os usuarias/os identificadas/os poden agregar etiquetas (asociando termos), aos diferentes rexistros bibliográficos para que poidan ser consultadas por outras/os lectoras/es.

A través das etiquetas asociadas a un rexistro, poden localizarse outros que tamén as teñen.

As etiquetas introducidas polas/os lectoras/es necesitan ser moderadas por parte das/os bibliotecarias/os.

## 1.1 ACCESO ÁS ETIQUETAS

Cada bibliotecaria/o só poderá moderar e visualizar as etiquetas asociadas a rexistros da súa biblioteca polas/os súas/seus lectora/es. O acceso á ferramenta de etiquetas pode facerse de dúas formas diferentes.

### a) Módulo de ferramentas

1.- Accede a el picando na opción da pantalla de "Inicio" ou dende o menú superior da Intranet pulsando na opción **Máis > Ferramentas.**




2.- Preme na opción **Etiquetas** (ao lado desta opción mostraranse o número de etiquetas que están sen moderar, no caso de que as haxa).




### b) Dende a pantalla de Inicio

Dende aquí só se poderá acceder á ferramenta cando haxa etiquetas á espera de moderación.

Nese caso, aparecerá un aviso na parte inferior da pantalla de “Inicio”, indicando o número de etiquetas que se atopan nesa situación.




Para acceder á ferramenta “Etiquetas”, clica sobre a ligazón “Etiquetas con aprobación pendente”.




## 1.2 FERRAMENTA ETIQUETAS

Por ambas vías, chegamos á ferramenta “Etiquetas”.




Todas as etiquetas (independentemente do seu estado) pódense consultar nunha táboa **na parte central da pantalla**, na que podemos ver.

- **O seu estado**: pendente (de moderar), aprobada ou rexeitada.
- O **termo** que conforma a etiqueta.
- No caso de estar xa moderada, o **nome da/o bibliotecaria/o** que fixo a revisión.
- A **data** da última modificación.

Ademais, inclúese a **columna "Accións"**, con botóns para operar sobre as etiquetas (as accións dependerán do estado das etiquetas).


Etiquetas

Amosando os termos (TODOS)

✔ Seleccionar todo | ✖ Limpar todo | Select all pending

Mostrando 1 a 6 de 6 | Mostrar 20 entradas | Primeiro | Previo | Seguinte | Último | Buscar:

| | | Estado | Termo | Peso | Accións | Revisor | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | ☐ | Rexeitado | Prueba | 1 | ✔ Aprobar ✖ Rexeitado | BIBLIOTECARIA, Koha | 19/04/2021 |
| 2 | ☐ | Pendente | ilustración | 1 | ✔ Aprobar ✖ Rexeitar | | 19/04/2021 |
| 3 | ☐ | Pendente | novela infantil | 1 | ✔ Aprobar ✖ Rexeitar | | 19/04/2021 |
| 4 | ☐ | Aprobado | ciencia | 1 | ✔ Aprobado ✖ Rexeitar | BIBLIOTECARIA, Koha | 19/04/2021 |
| 5 | ☐ | Aprobado | Realidad Aumentada | 1 | ✔ Aprobado ✖ Rexeitar | PAZ GARCÍA, Anxos | 03/12/2020 |
| 6 | ☐ | Aprobado | Transmedia | 1 | ✔ Aprobado ✖ Rexeitar | BIBLIOTECARIA, Koha | 19/04/2021 |

Mostrando 1 a 6 de 6 | Primeiro | Previo | Seguinte | Último

✔ Aprobar ✖ Rexeitar

Na **parte esquerda** da pantalla aparecen uns **filtros** que nos permiten refinar o contido da táboa atendendo a diferentes criterios: o prazo, o estado, quen fixo a moderación da etiqueta ou a data da última modificación.




Na **parte dereita** da pantalla móstrase un contador denominado “**Resumo dos termos**”, no que se indica o número de etiquetas que nese momento se atopan en cada un dos estados, e a suma do total de todas elas.




## 1.3 MODERAR ETIQUETAS

Para moderar as etiquetas pendentes, o máis doado é filtrando os contidos da táboa polo seu estado.

Poderase aprobar ou rexeitar cada unha delas pulsando sobre o botón correspondente. As etiquetas moderadas cambiarán de estado “Pendente” a “Aprobada” ou “Rexeitada”.



Todos os estados das etiquetas son reversibles, é dicir, se unha etiqueta foi aprobada pode rexeitarse e viceversa.




Ademais, poderanse aprobar ou rexeitar varias etiquetas á vez, seleccionándoas e clicando o botón **Aprobar** ou **Rexeitar**, dependendo da acción que se queira realizar.




## 2. AGREGAR COMENTARIOS AOS REXISTROS BIBLIOGRÁFICOS

A través do OPAC de Koha, as/os lectoras/es poden agregar comentarios aos diferentes rexistros bibliográficos.

Para evitar a publicación de comentarios con contido pouco axeitado, son moderados polas/os bibliotecarias/os.

## 2.1 ACCESO A COMENTARIOS

Cada bibliotecaria/o só poderá moderar e visualizar os comentarios feitos sobre rexistros da súa biblioteca polas/os súas/seus lectoras/es.

O acceso aos comentarios pode facerse de dúas formas diferentes:

### a) Dende o módulo de ferramentas

1.- Accede premendo na opción da pantalla de inicio ou dende o menú superior da Intranet, pulsando na opción **Máis > Ferramentas.**




2.- Clica na opción **Comentarios** (ao lado desta opción veremos o número de comentarios que están sen moderar).




### b) Dende a pantalla de Inicio

Dende a pantalla de "Inicio", só se poderá acceder á ferramenta cando hai comentarios á espera de moderación. Aparecerá un aviso na parte inferior da pantalla indicando o número de comentarios sen moderar.




Para acceder á pantalla “Comentarios”, pulsar sobre a ligazón do texto “Comentarios con aprobación pendente”.




## 2.2 FERRAMENTA COMENTARIOS

Os comentarios aparecen organizados nunha táboa composta por dúas pestanas: comentarios aprobados e comentarios esperando moderación.




En ambas pestanas amósase información sobre cada comentario: o nome do quen que o fixo, o título do rexistro ao que vai asociado e o seu contido.

Na última columna da táboa sitúanse os botóns que permiten realizar as diferentes accións sobre cada comentario.

## 2.3 MODERAR COMENTARIOS

Accede á pestana “Comentarios esperando moderación”.

Podes aprobalos, premendo o botón correspondente.




Os comentarios aprobados desaparecerán desta pestana e pasarán á de “Comentarios aprobados”.

Os comentarios rexeitados, pódense eliminar pulsando o botón **Borrar** (unha vez eliminados non son recuperables).




Cando non hai comentarios pendentes de moderar, non se mostrará ningún contido na pestana “Comentarios esperando moderación” nin se mostrará un aviso na pantalla de “Inicio”.







A aprobación dun comentario é reversible. Se se desaproba, volta á pestana de espera.




## Comentarios

Comentarios aprobados | Comentarios esperando moderación

| Comentador | En título | Comentario | |
|---|---|---|---|
| MEDIA, Xercode | A troglodita | Libro moi entretido | Desaprobar Borrar |
| MEDIA, Xercode | Cancioneiro Escolar Urxente de Rianxo | Moi bo recurso | Desaprobar Borrar |

Ao igual que os comentarios esperando moderación, os comentarios xa aprobados poderanse eliminar definitivamente pulsando o botón **Borrar**.


## Comentarios

Comentarios aprobados | Comentarios esperando moderación

| Comentador | En título | Comentario | |
|---|---|---|---|
| MEDIA, Xercode | A troglodita | Libro moi entretido | Desaprobar Borrar |
| MEDIA, Xercode | Cancioneiro Escolar Urxente de Rianxo | Moi bo recurso | Desaprobar Borrar |